

WEBINAR NOVOS PRODUTOS E OPORTUNIDADES PARA A INDUSTRIA ALIMENTARIA

Potencial da utilización dos recursos mariños no sector alimentario



23 de xaneiro de 2025



9:30 horas



Online

Clusaga organiza, en colaboración con ANFACO-CECOPECA, este webinar titulado “Novos produtos e oportunidades para a industria alimentaria”, que terá lugar o 23 de xaneiro ás 09:30h.

Nesta sesión presentarase a convocatoria de proxectos piloto que ten actualmente aberta o proxecto Hub4Food. A través desta convocatoria seleccionaranse 12 proxectos piloto de pemes, centrados na realización de estudos de viabilidade e actividades de demostración de tecnoloxías aplicables a necesidades relevantes da industria alimentaria.

No webinar presentaranse casos inspiradores e oportunidades de innovación da man de centros tecnolóxicos e empresas alimentarias, centrados no desenvolvemento e mellora de produtos.

Este webinar organízase no marco do proxecto Hub4Food (Atlantic Food Innovation Hub), coordinado por Clusaga e no que tamén participa ANFACO.

Hub4Food busca mellorar as capacidades de I+D+i da industria alimentaria nas rexións atlánticas, impulsando o desenvolvemento de novos produtos alimentarios, principalmente de orixe mariña, e fomentando a adopción de tecnoloxías e procesos para avanzar en innovación, sustentabilidade e competitividade.

Máis información

✉ industria@clusaga.org ☎ 682 616 021

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

PROGRAMA

- | | |
|---------|--|
| 🕒 09:30 | Benvida |
| 🕒 09:35 | Presentación da convocatoria de proxectos piloto de Hub4Food
Noelia Dosil (Clusaga) |
| 🕒 09:50 | Alimentos con propiedades funcionais baseadas en ingredientes do mar
Celina Costas (ANFACO-CECOPECA) |
| 🕒 10:00 | Ingredientes a partir de algas para aplicación no sector lácteo
Patricia López (Instituto de Investigacións Mariñas) |
| 🕒 10:10 | Tecnoloxías NIR e hiperespectrais para control de calidade
Juan Luis Guede (ANFACO-CECOPECA) |
| 🕒 10:20 | A gastronomía como valor para mermas e descartes da pesca
Elena Vitoria (Salmoira) |
| 🕒 10:30 | Desenvolvemento de produtos alimentarios innovadores a partir de algas
Manuela Buján (Porto-Muiños) |
| 🕒 10:40 | Quenda de preguntas |
| 🕒 10:45 | Peche da sesión |